

# CONCURSO

## Decorando o Nadal

4 categorías:

- *Individual* (patios e fachadas de casas)
- *Colectivo* (barrios, rúas, aldeas, pobos, fachadas...)
- *Escaparates e negocios.*
- *Beléns e Nacementos*
- *Categoría especial Infantil.*



## PREMIOS

**Individual:** Lote de produtos de Nadal

**Colectivo:** Superlote de produtos de Nadal

**Beléns:** Minilote de produtos de Nadal.

**Negocios e escaparates:** Mención Especial,  
título acreditativo e regalo sorpresa

**PRAZO DE PRESENTACIÓN: ATA O  
15 DE DECEMBRO**

Máis información e inscricións:  
666158430 ou 600746234  
[concursonadalxunqueira@gmail.com](mailto:concursonadalxunqueira@gmail.com)



Concello  
Xunqueira de Ambia



Área Padre  
Quepo

**BASES DO CONCURSO**

## **BASES DO CONCURSO “DECORANDO O NADAL”**

### **1. OBXECTO**

O Concello de Xunqueira de Ambía, a Asociación de Mulleres Rurais Xuncos, de Xunqueira de Ambía e o Ampa Padre Crespo presentan o Concurso DECORANDO O NADAL, dirixido a tódolos veciños e veciñas do Concello de Xunqueira de Ambía que desexen participar, cos seguintes fins:

-Dinamizar e fomentar a participación de veciños e veciñas nas decoracións de Nadal de pobos e aldeas do Concello.

-Colaborar en crear un ambiente de Nadal baseado no traballo común e a cooperación.

-Contribuir ao aforro económico en torno a materiais decorativos que aporten un entorno de Nadal acolledor.

-Dar protagonismo activo á veciñanza na decoración de Nadal.

-Fomentar o uso de materiais reciclables.

### **2. DESTINATARIOS**

Poderán participar comercios e bares, asociacións veciñais, grupos veciñais e particulares que realicen a montaxe dentro do término municipal. Os participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración á organización.

### **3. PROXECTOS DE DECORACIÓN**

A decoración de Nadal poderá facerse nos pobos, aldeas, barrios, rúas, patios particulares, fachadas, negocios, escaparates e edificios públicos cedidos para tal fin, tendo esta relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, con total liberdade de uso de técnica, estilo e materiais utilizados.

**DEBERÁ RESPECTARSE EN TODO MOMENTO A DECORACIÓN DO CONCELLO. SI A RÚA QUE DESEXADES DECORAR ESTÁ PREVISTA SER DECORADA POLO CONCELLO, ESTÉ TERÁ PREFERENCIA.** Nese caso poderanse adornar fachadas, portas, balconadas, fiestras etc. e será o que se valore á hora das votacións.

### **4. MATERIAIS EMPREGADOS**

Todo tipo de materiais están permitidos para as decoracións de Nadal, tanto reciclados, como elementos naturais e tamén luces e iluminación e decoracións típicas da época. Non se valorará a decoración que conste só de luces.

## 5. LUGAR E PRAZO DE INSCRIPCIÓN

As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do 15 de decembro ás 17.00h. Fora deste prazo non será admitida ningunha inscrición.

As inscricións realizaranse a través de correo electrónico concursionadalxunqueira@gmail.com enviando os datos persoais, ou do grupo que vai a participar, teléfono, enderezo da decoración. Unha vez esté rematado, enviaranse fotografías da decoración de día e de noite, coas que a organización fará unha montaxe para mostrar nas redes sociais. É obrigatorio o envío deste material, a organización en ningún caso fará fotografías para mostrar nas redes sociais con fins de votacións.

Para facilitar as inscricións tamén se poderá solicitar por teléfono nos números 666158430 y no 600746234 a través de chamada ou whatsapp.

## 6. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

A votación será por un xurado, composto por un membro do AMPA PADRE CRESPO, dous membros da ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS XUNCOS e dous membros do CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA, e máis a votación popular. O xurado outorgará un total de 5 puntos, repartidos en 3, 2 e 1 punto en cada unha das categorías, por cada un dos membros. A votación popular farase a través dun formulario online que se porá a disposición dos interesados en votar, e máis votación a través de papeletas para aquelas persoas que non poidan participar a través de redes sociais, e soliciten o formulario de votación para poder participar na mesma. Sumaranse os puntos do voto popular, que outorgarán un total de 25 puntos, repartidos en 14 puntos para a decoración máis votada, 7 puntos para a segunda máis votada e 4 puntos para a terceira máis votada.

Ademáis os “Me gusta” acadados en Facebook sumarán 5 puntos para a máis votada, 3 puntos para a segunda máis votada e 2 puntos para a terceira de cada categoría.

**As votacións nas páxinas de facebook só se contabilizarán de perfís reais . Cada persoa poderá dar 3 me gusta en cada categoría.** De detectarse máis, o voto desa persoa quedará eliminado.

Os espazos decorados deberán estar fotografiados e enviados antes do 18 de decembro para a súa publicidade nas páxinas de Facebook dos organizadores do Concurso, e deberán permanecer adornados ata o 7 de xaneiro de 2023.

A organización resérvase o dereito de declarar deserta algunha das categorías por falta de participación.

Nesta edición quedan estipuladas 4 categorías:

1. Mellor decoración a nivel particular (patios, fachadas e portas).

2. Mellor decoración a nivel colectivo (edificios, fachadas, rúas, prazas, barrios, aldeas, pobos...)

3. Mellor belén ou nacemento.

4. Mellor escaparate ou negocio.

Establécese ademáis unha categoría especial INFANTIL, para nenos e nenas ata os 14 anos de idade, na que poderán mostrar a decoración que desexen, de interiores, beléns, etc.

## 7. VALORACIÓN

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, cada persoa votante deberá ter en conta:

-O Deseño

-A orixinalidade

- A iluminación

-O tipo de materiais e cantidades que se empregan.

-A vistosidade do mesmo.

En caso de empate será o Xurado quen realice o desempate entre os participantes empatados cunha votación a man alzada, escollendo un dos participantes para gañar. De persistir o empate, o voto de desempate terao o membro do xurado pertencente Ampa Padre Crespo.

As votacións permanecerán abertas dende o día 19 ata o día 21 de decembro de 2022 ata as 23:59h. Día no que se fará o recuento de votos. O xurado reunirase o día 22 de decembro ás 10.00h para realizar as súas votacións. O resultado das votacións e gañadores **serán publicados o día 22 de decembro de 2022**, tanto nas páxinas de Facebook como na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

## 8. PREMIOS

**-PREMIO Á MELLOR DECORACIÓN INDIVIDUAL:** Lote de produtos de Nadal

**-PREMIO Á MELLOR DECORACIÓN COLECTIVA:** Superlote de produtos de Nadal

**-PREMIO A MELLO BELÉN OU NACEMENTO:** Minilote de produtos de Nadal

**-PREMIO AO MELLOR ESCAPARATE OU NEGOCIO:** Mención especial, diploma e un regalo sorpresa.

**-CATEGORÍA ESPECIAL INFANTIL:** premios sorpresa.

Os premios serán entregados aos gañadores e gañadoras por parte do xurado o día 22 de decembro pola tarde.